

# O FIADDEIRO


NADAL

93-94

FELIZ NAVIDAD.



re  
re  
laca  
re  
Feliz Navidad



LINGLE  
BEPES

LINGLE  
BEPES

A  
VIEIRA

O MAGOSTO

## EDITORIAL

Xa chegamos un ano máis ó noso benquerido Nadal, e con el chegan as vacacións, as notas.... e tamén O FIADEIRO.

Este número, amais de ó Nadal, quixemos adicarllo tamén os mariñeiros: avós, pais, irmáns... Estiano cuns problemas moi grandes por culpa dunha cousa que non se sabe ben de onde ven: a malditosa marea vermella

Lembrámonos da vieira en particular, pero nela queremos mirar: a ameixa, o mexilón, todo o marisco que nesta campaña se nos foi ó fondo e con el parte da nosa vida. Un chamamento dende eiquí a quen cumpra para menguar no posible esta catástrofe.

O Magosto fíxose tan popular entre nós que é imposible escquencelo: mirade con atención e darédesnos a razón.

E non nos podiamos ir sen botarlle unha mirada a plaga do noso século: A DROGA. Así miramos nós o problema: no fondo esa é a nosa "negra sombra".

¡Boas festas a todos!



# A VIEIRA

## DESCRIPCIÓN FÍSICA:

É un molusco bivalvo, moi apreciado como marisco, coñecido tamén en galego pola avieira, cáscara de pelegrín, ou cascarón.

O PÉ.- É unha línea media ventral do corpo, de tipo musculoso, que lle serve para evolucionar en distintas direccións.

MASA VISCERAL.- Está composta por tódolos órganos internos: tubo dixestivo; sistema circulatorio, sistema nevoso; sistema excretor, e un sistema reproductor bastante complexo.




A CUNCHA.- Está formada por tres capas formadas a base sobre todo de carbonato cálcico nunha matriz de conquiolina.

As vieiras teñen dúas cunchas desiguais: una cóncava e outra plana; pola parte de onde abre é arredondeada, e pola banda do músculo, recta, sobresaíndolle dúas "orellas". Ambas dúas cunchas son acanala-das, pechando perfectamente unha sobre da outra.

Abrindo e pechando as valvas desplázase a grande velocidade coma se fose voando.

A SÚA REPRODUCCIÓN.- Cando os productos sexuais están xa maduros, vértense ó exterior, producíndose a fecundación no seo da auga. Do ovo nacerá unha larva, que pronto vai desenrolar os lóbulos do manto e as dúas valvas. O remate desta fase caen ó fondo e durante algún tempo quedan fixas a él.



### IMPORTANCIA DA VIEIRA PARA BUEU.

A vieira foi, é e seguirá sendo unha grande fonte de riqueza para todo o noso concello. O litoral de Bueu é moi rico en vieiras.

A captura de vieiras ten un cupo, precisamente para evitar que os prezos caian demasiado, e á vez para que o mar non quede esquilado, e deixe de producir en pouco tempo.

De tódalas maneiras os cupos son ben amplos, de xeito que cubrindo cupo, os mariñeiros gáñanse os seus "chagúis" e os barcos fan boas "mareas".


O ano pasado foi un ano moi importante para Bueu e para a comercialización da vieira: houbo moita e moi boa. Os compradores acudiron nun bo número e os prezos mantivéronse ó longo de toda a tempada. A todo isto axudou

### A FESTA DA VIEIRA

Con moito acerto o Axuntamento de Bueu organizou a Festa de Vieira, que o ano pasado tivo moitísimo éxito, e logo repercutiu na súa venda e nos seus prezos a favor dos vendedores.

Os fins eran e siguen sendo das milloras intencións: hai que promocionalos nosos producotos.

A mala sorte caeu sobre Bueu estiano. A "marea vermella" cebouse nas nosas costas en tempo de recollida. Nada se puido aproveitar: un que morreu, outro que foi ó fondo, outro que non se pode comer... ¡Un desastre!!



¡¡ POLO BEN DE TODOS TEMOS QUE COIDA-LA RIQUEZA DO NOSO MAR!!

¡¡ QUE DEUS NOS AXUDE !

## UTILIDADES DA VIEIRA

Os peregríns lévana na cruz para beber nas fontes do Camiño de Santiago.

Os músicos galegos utilízana como acompañamento para face-lo chascarraschás.

Algunhas persoas póñena como obxeto decorativo.

A todos nos gustan as vieiras de calquera das formas:

Á cazola

Ó forno

En empanada, etc.

Paula del Río, 10 anos.

## VIEIRAS Ó FORNO

### INGREDIENTES:

+Vieiras

+Cebola

+Pemento vermello

+Xamón da casa

+Pan raiado

Pícase a cebola e o pemento. Xamón en tacos cuadrados.

Poñer toda esta mezcla nuna tixola a dorar un pouco. Pode engadírselle ovo cocido. Bótase todo enriba, da vieira e cúbrese con pan raiado.

Listas para meter no forno.

¡ BO PROVEITO !

## S I N D I, a Vieira.

Sindi, unha vieira, pequecha e fraca, topouse soa e abandonada.

Por sorte, atopouse cunha caracola moi agradable que lle dixo:

Voute levar a un lugar onde abunda a comida: é o meu Paraíso onde teño o meu fogar. É moi bonito, xa o verás.

Cando chegaron, Sindi deuse conta de que a caracola tiña razón: augas cristalinas, moito placton, fermosas paisaxes augas morniñas...

Pasou o tempo e fixéronse amigas.

Un día, cando xa eran grandiñas, caeron na rede dun rastro. Cando subían no aparello, ficaron mirando con asombro e tristura aquel lugar maravilloso que deixaban no fondo, que non verían xamais.


Ó cabo dun intre atopáronse nun porto, sucio, con auga chea de gasoil, peixes devorados polas gaivotas, outros mortos por falta de osíxeno e comida...

Sintiron unhas gañas enormes de fuxir dali. Etre as dúas e algunhas mais conseguiron romper un pouco a rede. Cando o pescador colleu o saco, empezaron a caír e escaparon para o mar.

Volveron as amigas para o seu paradiso, voando, voando... ¡Que bonito era!

¡Recordade sempre que é bo ter amigos e coidar o "medio ambiente" para ser moi felices!

Manuel Germade



#### HÁBITAT DA VIEIRA.

De xoven vive xunguida polo bisco ó sustrato; mais logo leva unha vida libre e pode nadar vigorosamente cando se sente ameazada, aínda que prefire manterse en repouso, semienterrada na area, nunha escavación que ela mesma practica cavando cun chorro de auga oblicua e facendo oscila-la cuncha.

Vive preto das costas, dende augas superficiais ata cen metros de profundidade, e prefire bancos de area limpa e firme, cascaxo fino, podendo atoparse moi ocasionalmente en zonas de area fangosa.

#### ALIMENTO.

Mantense de plancton e de tócolos animais, partículas, etc. que están en suspensión na auga do mar.

#### A VENDA DA VIEIRA.

Ó cae-la tardíña chegan os barcos cargados co froito do seu traballo: as vieiras que acaeron no "rastros". Ó chegaren á lonxa, cada barco ten asignado un lugar e un turno, que vai rotando rigurosamente para que ninguén se sinta perxudicado na venda.

Na lonxa a merca da vieira é libre: cadaquén pode participar na poxa libremente. É o único produto que pode mercar directamente o consumidor na lonxa de Bueu.

A subasta escomenza polas de maior tamaño. Colócanse e véndese por dúcias: unha, dúas, tres, catro dúcias... Segundo sexan dun grandor parecido. O prezo pode ir dende as catrocentas para a máis cativa ata as dúas ou tres mil por dúcia para as maiores, dependendo sempre do momento e compradores.



## O SAN MARTIÑO

San Martiño é un santo de orixe francesa, nado dunha familia pagana.

Convertiuse ó Cristianismo, chegando a ser Obispo de Tours.

A historia de San Martiño, conta como indo a cabalo, un esmoleiro atravesóuselle no seu camiño, para pedirlle pan. San Martiño partiu a súa capa e deulle a metade, xa que outra cousa non tiña.


Na nosa zona do Morrazo, dúas parroquias eleixíronno como o seu Patrón: MOAÑA e BUEU.

Os mosteiros do Císter nomeáronno tamén seu Patrón; sendo o máis coñecido, San Martín Pinarío, de grande valor artístico e histórico.

Non se sabe a cencia certa por que razón se lle adicou o patronazgo a este xanto, xa que denantes de 1900 non se coñecen apenas datos.

San Martiño non é un santo dos que podemos chamar "milagreiro", pero si é un santo coñecido e recoñecido na nosa zona.

Esparcidas por toda Galicia, consérvanse tallas de grande valor escultórico.





O magosto celébrase polo San Martiño.

Típico destes festexos son as fogueiras, o viño novo e as castañas asadas ou cocidas.


Hai provincias, cidades ou pobos, nos que o magosto é unha das festas principais, onde se troulea a base de ben. Por exemplo en Ourense, en cáseque tódolos pobos da provincia.

O magosto celébrase polo xeral nos montes, ou lugares descampados, onde poidan facer lume e estaren cómodas moitas persoas. alí acode a xente con familiares e amigos, fan fogueiras, asan castañas, beben viño, cantan...Divirtense.

É unha festa moi alegre, porque se fai ó aire libre e a xente está contenta, baila arredor da fogueira, mentres as castañas se asan.

No magosto son indispensables as castañas o viño novo e se tercia acéptanse tamén os raxos e os chourizos da matanza...





### OS ANOS PASADOS

Os anos pasados faciámolo magosto en Udra. Tódolos anos iamos dende a nosa casa ó cole e dalí colliamos cara a Udra.

En Udra, ó chegarmos, arriabamos as mochilas, e iamos coller herba seca, toxos, pico, etc. Estendiamos todo ben, e deixábámolo a secar ó sol.

Iamos por todo Udra a miralos cuarteis: os profesores íannos explicando como eran aqueles anos.

Despois de recorrer todo Udra ou de xogar uns partidións, descansabamos, e pronto iamos come-la comida que nos mandaran as nosas nais nas mochilas.

Cando terminabamos de comer, estendiamolas castañas, ben estendidas, enriba da capa de herba, pico e toxos..

Prendíaseille lume e a darlle voltas ata que estivesen ben asadas. Coa borralla do pico e máis das castañas emborrabamos ós compañeiros e tamén ós profesores.

Comiámolas castañas que queriamos e logo aínda levabamos máis nunha bolsa para ir comendo polo camiño o comer na casa, cos nosos irmáns máis pequenos.

### ESTIANO

O magosto destiano non foi moi bo; pasámolo moi ben, aínda que cun pé mancado: tivera un esguince e non puiden xogar ó fútbol cos demais rapaces. Non me abrurrín moito porque un amigo meu tivera o mesmo ca min:

Todo esto non importa: porque estiven a xogar sin forzar moito o pé.


Entramentres o lume non se apagou e as castañas non estiveron asadas, andiven a dar voltas por alí, e ata me sentei un pouquiño.

Cando o lume se apagou, tódolos rapaces foron coller castañas e borralla, para emborrar ós compañeiros e maillos profesores. Eu collín unhas poucas para comer mentres non marchabamos.

Emborrámonos a cara e mailas mans, ben emborradas antes de que fosen as cinco.

Como quedaban moitas castañas alí tiradas, collín unhas poucas para levar para o camiño ou ben para a casa, para cando tivese ganas delas.

Acabáronse as vendimas  
e veñen as esfolladas  
para comer coas rapazas  
catro castañas asadas...



Eu namoreime da castaña,  
nomoreime do ourizo,  
namoreime de ti, meniña,  
que tiña-lo pelo rizo.



San Martiño foi ó forno  
e caeu do taboleiro  
agora xa din as mozas  
San Martiño é panadeiro.

Meu San martiño querido,  
Estiano alá non vou,  
que tiña os cartiños xuntos  
e non sei quen mos levou


San Martiño de Bueu  
Ten un anelo no dedo,  
que llo regalou un día  
San Martiño de Salcedo.

# REFRANEIRO


Se pasas polo San Martiño,  
rézalle un rosario  
que che fai milagritos.




Polo San Martiño  
bota o teu allión,  
e por Navidá  
vai mirar como está.




O verán de San Martiño  
dura tres días  
e un puqueníño.






Polo San Martiño  
trompos ó camión.  
Polo San Amaro,  
trompos ó faiado.



A tódolos porcos  
lles chega o seño San Martiño.





Iván . Párcubles . Currales . Senos .

## PEQUENA HISTORIA DO NADAL

Esta festa foi establecida no século IV e é unha das máis solemnes do calendario.

Na Antigüidade celebrábanse polo vintecinco de Decembro, diversas festas de tipo pagán: As Saturnais romanas; a chegada do inverno entre os británicos; o "Nacemento do Sol inconquistado" en honor de Mitra.

Aínda hoxe moitas dos costumes do Nadal son de orixe pagana, coma a de prender o "leño de pascoa", moi popular entre os letóns e lituanos; o adorno das igrexas con muérdago e acebo; o intercambio de agasallos, que proveñen de Roma e da Europa septentrional.

A árbore de Nadal é de orixe xermánica.

Santa Claus identifícase segundo os países con San Nicolás, Knecht Ruprecht e Père Noël.

Nos países Nórdicos a tradición sinala a Noiteboa como o momento máis axeitado para colocar polas, guirnaldoas, nas casas, que denantes sería de mal agoiro engalanar.

Sobre a data de quita-los adornos, o costume varía, xa que, anque se considere rematado o Nadal coa festividade de Reis, moitas veces alóngase ata a Candeloria, que é o día en que casan os paxaros.

No Nadal español interveñen tres elementos fundamentais:


- Os beléns, ás veces verdadeiras obras artísticas.
- As panxoliñas, valioso tesouro do folclore nacional.
- A misa do Galo.

Outras formas de celebración son as representacións e desfiles de Nadal.

As Felicitacións de nadal (Parabéns por traxeta postal) datan de 1846. Este costume conqueiriu unha enorme difusión e hoxe en día é a maneira máis garimosa de dicirnos que non nos esquecemos dos seres benqueridos.

Segundo o rito Cristián e nos nosos días, O Nadal celebra a nacemento do noso Señor Xesucristo.

Patricia Ferradás 8º A



¡ Ou, NADAL !

Padeiretas e tambores,  
regalos e flores,  
amigos e inimigos,  
todos así, ben xuntiños...

¿Quen es ti, Nadal?

¿Es un amigo?

¿Es un xeneral?

Xeris nada perdía  
Maria Divina  
403 cando en Belén  
nacía.

En Noiteboa nacía.

No Portal, grande ledicia.había.

Daquí a pouco acábase o ano,  
logo ven outro novo, eu diría.

Neve turrón e algarabía,  
Todo pasa na noite ffa.


Os Reis dalí a pouco  
ouro, incenso, mirra  
lle levarían.  
Agora xa non traen  
ouro, incenso, mirra.  
No FindeAno hai  
mais algarabía.  
Uvas, turrón, champaña...  
Despois de Reis xa todo  
acaba.  
Cada un, á súa casa.

¡Adeus Nadal!

Miriam Ferradans 6º C




Adrián 4ºB



Patricia

8:11  
Fernandes



4-85  
Erase una vez un bebe que  
nacio en un portal en Belén  
y los pastores fueron a verlo,

papa noel fue a llevarle  
regalos en su trineo empujado  
por los reyes y los reyes magos  
en sus camellos, entonces todos  
los años en nuestra casa  
hacemos el belén y el arbol de  
navidad y cantamos villancicos  
y papa noel - nos trae regalos,

ADRIAN



## O NADAL E OS SEUS COSTUMES

-Xuntarse todos: É o principal obxectivo dun Bo Nadal.

-A Árbore de Nadal, prepárase con moita anticipación, debe ser unha árbore moi bonita, ben feita, para logo adornala con toda clase de agasallos, papeis, cintas, etc.

-A comida de Nadal: Un 1º plato pode ser marisco: centola, boi, lumbrigantes, nécoras, cigalas, ameixas... Un 2º, por exemplo: pavo, pato á laranxa, caldeirada de bacallao, perdices... E de postre todo eso que os rapaces agardamos ó longo de todo o ano: TURRÓN, pasteis, avelás, noces, figos... Todo isto non pode menos de ser regado cuns bos viños da casa, albariño ou tinta-femia, e os cavas ou champáns de todas clases. Ós nenos a mirar se nos ceixan proba-la sidra...

-A UVAS: (doce) Débense tomar canca as doce campanadas que sinalan o cambio de ano: non é cousa moi doada, polas uvas e máis... polas campanadas.

-Panxoliñas e Nadais, cantigas que nos acompañan ó longo de tódalas festas destas celebracións.

-Xaneiras e Aninvos, son cantigas para despedi-lo ano vello e sauda-lo ano novo.

-Os cantares dos Reis, son para lembra-la visita histórica que lle fixeran os Reis Magos a aquel Meno Xesús de Belén.

-O Lume Novo, acendíase na véspera do Nadal e deixábase morrer. Barríase ben a lareira e polo Aninvo pegábaselle lume a unha cachoupa ben grande, que durase moito: era o orgullo dos donos.

-As lambonadas: toda clase de pasteis, feitos con toda clase de elementos culinarios, adornan as mesas do Nadal. En tódalas casas hai de todo e sobra de todo, dende os máis ricos ata os máis pobres.

-----Dende hai 200 anos na Praza de Armas de Ferrol polo día de San Xulián repártese gratuitamente arroz con leite para os pobres.




Cursos → 53

NOMBRE → DIEGO, PASTO RIZO.

Edad → 40 años

Num. de clase → 1

FELIZ



NAVIDAD 1993



Alexandro Martinez

José Domez 724



DISQUES; SEICAS e SERÁNS..

-Disque "Felipiño" nos vai arranxar moi axiña a crise... Polo método dos dinosaurios...

-Seica ás nosas clases lles fai moita falla unha limpeza profunda..de cerebros

-¿Será verdade que as vacacións de nadal van chegar a Febreiro?

-Disque neste colexio noso hai grandes campións facendo caricaturas..."bañadas"

-Seica estiano as notas dalgúns cursos non moi baixos vanlle gañar por goleada á famosa crise económica.

-Será e de verdade que estiano non se cobrará nada por dar sobresaíntes... Se se gañan...

-Disque a excursión de oitavo destiano vai discorrer sobre todo pola roita do "Bacallao"

-Seica algún dos profesores quere renova-la conquista napoleónica.

-¿E non será que a máis de un lle gustaría por necesario, apuntarse a ximnasia rítmica?

-Disque algúns gatos moi bonitiños, moi peludiños, moi listiños, son... cabritiños.

-Seica che hai quen utiliza "incover" para non deixar aterriza-las moscas...

--Será que será, que gesto non hai verdá, que é todo verdá, que hai algo de verdá. Seica disque algo será.

RECANTO LÍRICO

Os pastores foron  
correndo ó muíño  
a comprar un pan  
e un pouco de viño.

Xosé é Carpinteiro,  
traballa solíño;  
ó acaba-la cuna  
tomará un vasiño.

O boi e a vaca  
abreu o fuciño,  
para darlle alento,  
que estea quentiño.

Sorríe María  
Ó ve-lo meniño,  
metido na cuna,  
tan aguchadiño.

Herodes mandou  
mata-lo meniño;  
marcharon correndo,  
con moito mediño.


Menos de 3

Nadal  
Espírito alegre  
relixioso e vivo  
e sen que se enteren  
estás máis festivo.  
Sempre dás alegría  
e con moito amor  
es quen de abri-lo día  
sen ningún clamor..

Jorge Regueira 3º



# PAPANDÉ



## LOS INTENTOS DE AUTOTERAPIA = CAUSA DE DROGODEPENDENCIA

Yo creo que la juventud recurre a las drogas, para intentar combatir "malas pasadas" que nos suceden en la vida, como ansiedad, sentimiento de insuficiencia, tristeza, agotamiento, etc.

Entre nosotros los más "clásicos" han sido el alcohol y el tabaco, pero en otras culturas se han usado el opio, la coca o el cannabis.

Algunos lo que intentan es calmar las penas sencillamente. La Biblia habla del intento de olvidar todas las penas mediante el alcohol.

Otros lo han hecho para mejorar el estudio o la capacidad corporal.

-Los incas utilizaban la coca para eliminar la sensación de cansancio, aumentar la energía, resistencia y capacidad de perfección. Hoy se utilizan anfetaminas.

Cuando el hombre y la mujer tiende a usar drogas es cuando se siente mal, está deprimido, ansioso. En estos casos son frecuentes e irán aumentando a medida que la vida se haga más complicada, insegura..

La persona que tiene una depresión muy grande, o que debería hacer es ir a un médico especialista. Pero algunas veces siente la tentación de tratarse por su cuenta y entonces recurre al alcohol, a los medicamentos, creyendo que no la van a perjudicar.

Es un error grave y frecuente: lo puede pagar con su vida o una incapacidad permanente. Puede producirse una dependencia del alcohol, de los hipnóticos, o de varias drogas a la vez, que van a tapar la afección original; cuando se acude al médico, no se puede hacer nada ya. Se habla entonces del "suicidio crónico".

En resumidas cuentas, las drogas son un veneno mortal, que acaba con la vida de mucha gente.

YO CREO QUE LAS DROGAS SON UNA TONTERÍA



Por «planta de cannabis» se entiende toda planta del género cannabis.

Por «resina de cannabis» se entiende la resina separada, en bruto o purificada, obtenida de la planta de cannabis.


# REFRANEIRO D "5ª"

O viño e o tabaco, poñem ó home flaco.  
O que vai a San Andrés e corre pouco, vai  
nun mes e volve noutro.  
A muller e a sartán na cocina están  
ben.

Por el tula se saca el ovillo.



~~Francisco Portariza~~



El ojo del amo engorda al caballo.  
Del viejo, el consejo  
Consejos vendo y para mi no tengo.  
El tiempo todo lo cura.

~~Benigno Colmenero~~

## VERSO NAVIDEÑO

Ya llega la Nochevieja:  
noche de felicidad,  
que las uvas de la suerte  
nos traigan horas de paz,  
Doce uvas, doce besos,  
doce promesas de amor  
al sonar las campanas  
del nuevo año del Señor.




~~Esperanza~~ → 5ª

# PASA TEMPOS

## 1. POÑÉDELLES NÚMERO ÓS DEBUXOS:

- 1 ameixa
- 2 croques
- 3 mexillóns
- 4 lura
- 5 boi
- 6 estreia
- 7 xiba
- 8 choco
- 9 ourizo
- 10 vieira
- 11 percebes
- 12 santiaguíño
- 13 lumbrigante
- 14 langosta
- 15 cangrexo
- 16 centole
- 17 langostino
- 18 gamba
- 19 nécora
- 20 cigala
- 21 navalla
- 22 ostras
- 23 chiria
- 24 caramuxo
- 25 zamburiña
- 26 longueirón



## 2. BARULLO DE LETRAS: MORADAS

Busca no cadro as moradas dos seguintes animais e escríbeas:

- abella .....
- cabalo .....
- can .....
- canario .....
- capón .....
- coello .....
- galiña .....
- lobo .....
- paxaro .....
- peixe .....
- pomba .....
- porco .....
- raposo .....
- vaca .....

## 3. SALTO DO CABALO:


O cabalo no taboleiro do xadrez móvese en L. Se empzas polo cadro do centro "RO" e vas dando saltos coma o cabalo, descubrirel-os nomes de tres poetas do REXURDIMENTO co seu lugar de nacemento:

DE	RROS	DE	SA	PON
RA	VA	DAL	DE	SAN
CU	PON	RO	E	LI
NO	E	CE	TIA	CE
TE	GO	LA	A	SO

M	O	R	A	D	A	S	X	M	O	R	A	D	A	S	
O	O	B	O	T	C	O	E	L	L	E	I	D	R	A	M
R	C	R	L	X	X	A	E	M	L	O	C	D	C	C	R
A	A	X	A	R	A	G	A	I	O	L	A	X	A	R	A
D	B	C	B	D	X	X	P	X	X	R	N	X	P	A	A
A	A	O	M	X	A	X	E	X	O	X	I	X	O	D	A
S	L	R	O	R	A	S	I	M	R	A	L	X	E	A	S
M	E	T	P	C	U	X	X	O	N	I	N	O	I	S	S
O	R	E	B	O	I	S	E	M	C	E	B	A	R	M	M
R	I	L	X	X	A	X	I	X	O	A	V	C	C	D	D
A	Z	L	X	D	C	U	R	X	R	R	S	A	I	R	R
D	A	O	A	C	O	V	A	X	T	X	A	V	O	A	A
A	V	R	E	G	O	X	S	A	E	D	E	D	A	D	D
S	O	G	A	L	I	Ñ	E	I	R	O	X	R	A	A	A
M	O	R	A	D	A	S	X	M	O	R	A	D	A	S	S

## 4. XEROGLÍFICO:

R: \_\_\_\_\_





*¿De onde era a vilva?*

## 5. ADIVIÑA:

¿Que cousa de adiviñar ó:  
unha vella cun só dente  
chama a toda a súa xente?

UN INVENTO HISTORICO



EL MEJOR INVENTO ANTES  
 DE LA RUEDA Y EL FUEGO  
 FUE...  
 EL DICCIONARIO  
 ESPAÑOL  
 INGLÉS  
 N. TOMÁS HERNÁNDEZ HERNÁNDEZ  
 MANUEL GERMADE MENDUINA  
 Carlos García Palomares



ii ANINOVO

Moi

Seliaz !!

P  
A  
R  
A

T  
O  
D  
O  
S

DANIEL  
RIVERO